

Contratación

BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PARQUE TEMÁTICO DAS “ALDEAS DE NADAL” NA EDICIÓN CORRESPONDENTE AO ANO 2024.

Expte: 4253/2024.

1.- OBXECTO.

O obxecto destas bases é definir as características do mecenado en relación co desenvolvemento do parque temático das “*Aldeas de Nadal*” na edición correspondente ao ano 2024.

Dende hai varios anos, o Concello de Lalín puxo en marcha un proxecto denominado “*Aldeas de Nadal*”, un proxecto que se foi consolidando ata conformar un pequeno parque temático conformado por 6 espazos diferenciados localizados en distintos puntos do centro da vila e que están a incentivar o atractivo turístico de Lalín e dinamizar o comercio local durante as datas de Nadal.

Na actualidade o parque está conformado por 6 aldeas:


- Aldea de Papá Noel, situada na Praza da Igrexa
- Aldea do Apalpador, situada na Praza da Torre.
- Aldea dos Reis Magos, situada na praza da Biblioteca (antigo Concello).
- Aldea da Música, situada na praza da Vila.
- Aldea dos Trasnós, situada no parque do aviaador Loriga.
- Aldea das Estrelas, situada no entorno da estatua de D. Ramón M^a Aller.

Este proxecto tivo unha enorme difusión nos medios de comunicación e especialmente nas redes sociais de ámbito infantil e familiar, contando con espazos en blogs adicados ao entretemento familiar coma “*Little Vigo*”. Deste xeito, o proxecto foi medrando e consolidando ata converterse na actualidade nun referente do Nadal na comunidade autónoma e un importante motor turístico para o Concello de Lalín.

Do mesmo xeito, trátase dun proxecto con vocación sostible posto que as casiñas están construídas en madeira, tódolos elementos se conservan e reciclan edición tras edición; empréganse elementos vexetais que se conservan dun ano para outro e se reutilizan no caso de que sequen, a través de intervencións artísticas.

A través desta iniciativa preténdese favorecer o desenvolvemento dunha economía local e aberta no municipio, impulsando para elo a dinamización do comercio e da hostelería lalinense e co fin de contribuir á súa vez á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda Urbana, en concreto, en lograr un maior impulso da economía urbana, apostando pola cultura e fomentando o turismo intelixente, sostible e de calidade, como se pon de manifesto no obxectivo específico 7.2 do Plan de Acción Local da Axenda Urbana do Concello de Lalín, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de data 26 de agosto de 2022.





Lalínkmzero



Concello de Lalín

Contratación

Deste xeito, no intento de mellorar en cada edición o parque temático, na edición de 2024 está previsto crear unha nova aldea, denominada ALDEA GASTRO, que veña a completar e complementar o conxunto que se foi formando durante os últimos anos, que se reforza coa construción, subministración e montaxe de catro novas casiñas para a ALDEA DAS ESTRELAS.

A gastronomía é unha parte integral da cultura Galega, e durante o Nadal cobra aínda máis relevancia. As ALDEAS DE NADAL DE LALÍN buscan non só entreter e divertir aos visitantes, senón ofrecer tamén unha experiencia culinaria que reflicta a riqueza gastronómica da rexión. A gastronomía serve como punto de encontro para as familias e os amigos, creando un ambiente de calidez e celebración que é esencial durante estas festas.

Por iso nesta edición propónse dar unha maior importancia á Gastronomía, creando unha zona específica para acoller a varios artesáns e hostaleiros que poidan facer chegar a gastronomía ás familias que nos visitan.

Así mesmo, vaise levar a cabo unha ampliación e posta en valor da Aldea das Estrelas, con tanto significado histórico e cultural para Lalín. Deste xeito, construíranse 4 novas casas dedicadas a persoeiros importantes de Lalín, estrelas lalinenses que acadaron un recoñecemento pola súa importante labor científica en áreas coma a astronomía, as matemáticas, as pintura ou a aviación. Dedicáranse novas casiñas ao pintor Laxeiro, ao matemático Rodríguez e ao aviador Loriga.


Xa que logo, a través da celebración de convenios de colaboración público-privada preténdese obter unha optimización e mellora dos recursos dispoñibles para a realización deste evento. Trátase de favorecer a colaboración particular na consecución de fins de interese xeral, en atención e recoñecemento á cada vez maior presenza do sector privado na tarefa de protexer e promover actuacións caracterizadas pola ausencia de ánimo de lucro e cuxa finalidade é de carácter xeral e pública.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRESENCIA DAS EMPRESAS COLABORADORAS.

Tal e como se indicou na cláusula anterior, o Concello de Lalín, a cambio dunha axuda económica ou subvención ofertada polos colaboradores, para levar a cabo o desenvolvemento do parque temático das “Aldeas de Nadal”, comprométese a difundir a presenza como entidade colaboradora das mesmas, de xeito individual na aldea respecto da cal se realice a oferta así coma en tódalas publicacións (impresas, dixitais, audiovisuais, totems, etc) que realice o Concello de Lalín respecto das “Aldeas de Nadal”.

Deste xeito, cada empresa colaboradora poderá optar á obtención de presenza nunha Aldea, contribuíndo deste xeito á montaxe, mantemento e conservación da mesma. No caso de resultar seleccionada incorporárase a imaxe corporativa da empresa á aldea, sempre respectando a estética das mesmas e o entorno específico no cal se empra cada unha delas.





Lalín km cero

Contratación



Concello de Lalín

Así mesmo, o Concello resérvase o dereito de incluír nos soportes antes citados a presenza daqueles colaboradores institucionais (entes, organismos ou administracións públicas) cos cales o Concello teña levado a cabo acordos ou convenios na materia.

3.- PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DOS COLABORADORES.

As empresas colaboradoras seleccionaranse a través dun proceso aberto, no cal todo empresario/a interesado poderá presentar unha proposta de colaboración.

4.- PUBLICIDADE, PRAZOS E MODO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS DE COLABORACIÓN.

Tendo en conta as características destas bases, as propostas poderán presentarse ou ben en sobre pechado no Rexistro Xeral do Concello de Lalín ou ben a través da Plataforma de Contratos del Sector Público, do xeito que se especifica nos parágrafos seguintes:

•Rexistro Xeral do Concello de Lalín.

As propostas deberán presentarse nun sobre pechado no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra). O prazo de presentación de proposicións será de **dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratación do Concello de Lalín. Se o último día do prazo fose inhábil trasladarase ao seguinte día hábil.**

Cando as proposicións se envíen a través de lugar distinto ó Rexistro de Entrada do Concello de Lalín, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío no Servizo Oficial de Correos ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da LPACAP e comunicarlle ao órgano de contratación a través de *e-mail* ao enderezo electrónico: **contratacion@lalin.gal**. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo. Transcorridos, non obstante, 5 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias auténticas en calquera das modalidades expostas no artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Toda a documentación será presentada e redactada nalgún dos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.



Contratación

Cada empresario non poderá presentar máis dunha proposta. (A infracción desta norma dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas).

As ofertas deberán axustarse ao previsto nestas bases e a súa presentación suporá a aceptación polo empresario, sen condicións, do contido da totalidade de todas as cláusulas destas bases, sen salvidade ou reserva algunha.

•Plataforma de Contratación do Sector Público.

A presentación de proposicións (sobre ou arquivo electrónico) poderá realizarse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, na cal se publicarán tódolos documentos relativos ao expediente.

Non obstante, o resto de comunicacións e notificacións realizaranse a través da Sede electrónica do Concello de Lalín. Para a presentación de ofertas por medios electrónicos as persoas contratistas deberán rexistrarse na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Deberán seguir o seguinte procedemento:

Seleccionar esta licitación electrónica en “As miñas licitacións”, seguindo a Guía de axuda descargable desde a devandita Plataforma. Tras seleccionar a licitación xerarase a ferramenta asociada á mesma que deberá empregar, na cal haberá de cumprimentar todos os sobres que nela aparezan e na forma que se indique, e envialos a través da mesma ferramenta antes de que finalice o prazo de presentación de ofertas recollido no anuncio de licitación.

A dirección de soporte da Plataforma de Contratación do Sector Público para a resolución de calquera incidencia técnica que puidesen experimentar durante a preparación e envío das súas proposicións é a seguinte: licitacionE@minhafp.es.

A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do sector público, durante as 24 horas do día.

É responsabilidade exclusiva da persoa licitadora, se experimenta algunha dificultade á hora de preparar e presentar a oferta, o contactar coa Plataforma de contratación Pública durante o prazo de presentación de ofertas, co fin de garantir que efectivamente se realizan todos os pasos necesarios, que se resolven as posibles dúbidas de utilización que estean a dificultar a presentación da oferta e que se conta coa configuración técnica adecuada.

A presentación das proposicións presume a aceptación incondicionada pola persoa contratista do contido da totalidade das bases, sen excepción.

As consultas relacionadas co expediente realizaranse no Servizo de Contratación segundo no Tlf. 986-787060 ou a través do enderezo electrónico: contratacion@lalin.gal.



En todo caso, establécese a posibilidade de abrir un novo prazo de presentación de oferta no caso de que algunha ou algunha aldea quede deserta ou non se complete o número dispoñible de espazos ofertados, así como a posibilidade de adxudicar a colaboración empresarial del xeito directo, sempre que quede deserta unha aldea e a adxudicataria cumpra cos requisitos establecidos nestas bases.

5.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLOS INTERESADOS.

Os interesados presentarán **toda a documentación nun sobre pechado ou nun arquivo electrónico** coa inscrición contida no Anexo I, asinado pola propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, empresa colaboradora que presenta a proposición, dirección, teléfono e correo electrónico, para os efectos das notificacións e/ou comunicacións.

No interior do sobre ou arquivo electrónico incluírase a seguinte documentación:

- 1º.- Declaración responsable con arranxo ao modelo contido no Anexo II.
- 2º.- Modelo de proposta de colaboración, con arranxo ao modelo contido no Anexo III.

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS COLABORADORES.


Establécese un único criterio de selección de colaboradores: a mellor subvención ofertada respecto de cada aldea.

Establécense as seguintes subvencións mínimas:

- Aldea de Papá Noel, situada na Praza da Igrexa → 5.000,00€.
- Aldea do Apalpador, situada na Praza da Torre → 2.000,00€.
- Aldea dos Reis Magos, situada na praza da Biblioteca (antigo Concello) → 3.000,00€.
- Aldea da Música, situada na praza da Vila → 2.000,00 €.
- Aldea dos Trasnós, situada no parque do aviadador Loriga → 3.000,00€.
- Aldea das Estrelas, situada no entorno da estatua de D. Ramón M^a Aller → 2.000,00€.

As interesadas poderán ofertar unha subvención igual ou maior, sempre a partir das contías mínimas establecidas no parágrafo anterior.





Lalín muncípio



Concello de Lalín

Contratación

Deste xeito, seleccionarase, respecto de cada aldea a subvención de maior importe, colocándose de maior a menor, comezando pola de maior importe económico e así sucesivamente.

No suposto de que se produza un empate seleccionarase a oferta presentada en primeiro lugar.

Poderase ofertar subvención respecto de tódalas aldeas.

En todo caso, o Concello resérvase o dereito de admisión respecto daquelas colaboradoras cuxo obxecto social ou finalidade comercial non sexa acorde coa promoción do evento.

7. PROCEDEMENTO.

Unha vez finalizado o prazo de presentación da documentación administrativa, a Comisión de Valoración examinará a documentación aportada.

No caso de que se observasen defectos ou omisións emendables na documentación, comunicarllo vía fax ou a través do correo electrónico, ao interesado, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do Concello de Lalín e/ou na páxina web municipal (www.lalin.gal), concedéndose **un prazo non superior a cinco días hábiles** para que as solicitantes as corrixan ou emenden ante a Comisión de Valoración.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación, redactarase a listaxe dos colaboradoras seleccionadas por orde decrecente para cada unha das aldeas, excluíndose aquelas interesadas que non presenten a documentación completa ou incumpran estas bases.

8.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Primeira Tenente de Alcalde (Suplente: Concelleiro Delegado de Obras e servizos)

Vogais:

- O Secretario Xeral. (SUPLENTE: Secretario/a accidental).

- A Interventora. (SUPLENTE: Interventora Accidental)

- A Auxiliar Administrativa da Axenda Urbana (SUPLENTE: O Técnico Informático).

Secretaria: a Técnica de Contratación.(SUPLENTE: o Administrativo do Departamento de Contratación).

9.- SELECCIÓN DAS ENTIDADES COLABORADORAS.



A Comisión de Valoración elevaralle á Xunta de Goberno Local a listaxe definitiva de colaboradoras admitidas e excluídos para a súa aprobación. Unha vez aprobada, publicitarase na PLACSP e notificaraselle ás colaboradoras seleccionadas para que procedan a asinar o correspondente convenio de colaboración.

10.- OBRIGAS DAS ENTIDADES COLABORADORAS.

As entidades colaboradoras asumirán as seguintes obrigas:

- Asinar o convenio nos prazos previstos nestas bases.
- Aboar o importe da subvención no prazo previstos nestas bases.
- Darlle consentimento ao Concello para o uso da súa presenza promocional tanto nas aldeas coma nos documentos publicitarios e/ou audiovisuais que se desenvolvan para a promoción das mesmas.
- Responder ás peticións do Concello relativas ao envío de información solicitada con axilidade.

11.- SINATURA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN.

As colaboradoras asinarán o correspondente convenio administrativo de colaboración para a difusión publicitaria do desenvolvemento do Parque Temático das “Aldeas de Nadal” na edición correspondente ao ano 2024 no prazo máximo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da súa condición de colaboradora.


12.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

As colaboradoras aboarán o importe da subvención no prazo máximo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte ao da sinatura do convenio administrativo. O pagamento realizarase na Tesourería municipal mediante transferencia bancaria no número de conta: ES3520805429673110119045 debendo incluír o nome ou razón social do colaborador e o concepto: “COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA AS FESTAS DAS DORES DE 2024”.

O Alcalde,
José Crespo Iglesias


Revisado e Conforme
A Técnica de Contratación
Fátima Cortizo Seijas

Documento asinado electronicamente á marxe



Cod. Validación: 37Y9ZAZ53PTE99ZXDZQE29HX2
Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 17





Lalínkmzero

Contratación



Concello de Lalín

ANEXO I. MODELO DE SOBRE

DOCUMENTACIÓN PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PARQUE TEMÁTICO DAS “ALDEAS DE NADAL” NA EDICIÓN CORRESPONDENTE AO ANO 2024.

Expediente: 4253/2024

Presentado por:.....

Dirección:.....

Teléfono:


Enderezo electrónico:

....., de 2024
(Lugar, data e sinatura)

**** Só no caso de que a documentación se presente de forma manual no Rexistro de Entrada do Concello de Lalín.***

Cod. Validación: 3ZY9ZAZ53PTE99ZXDZQE29HX2
Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 17





Lalínkmzero

Contratación



Concello de Lalín

ANEXO II – DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación da empresa:	DNI:	Tfno.:
Representante:	DNI:	Tfno.:
Domicilio a efectos de notificacións:		
Correo electrónico:		
Presentación da empresa: (presentación, descrición do obxecto social, ámbito territorial, etc) No caso de que se queira empregar un nome comercial distinto ao da denominación da empresa indicarse neste recadro.		

D./Dna. _____ e DNI núm.: _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, con NIF núm.: _____ manifesta a súa vontade de participar nas **BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PARQUE TEMÁTICO DAS “ALDEAS DE NADAL” NA EDICIÓN CORRESPONDENTE AO ANO 2024** e manifesta coñecer e acepta o seu contido.

Así mesmo, declara que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que representa, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 71.1 da LCSP e que especialmente se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais así como de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes e declara non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispón da documentación que así o acredita e se compromete a presentar no suposto de que lle sexa requirida.

Lalín, ____ de _____ de 2024

(sinatura)

Cod. Validación: 3ZY9ZAS3PTE99ZXDZQE29HX2
Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 17



ANEXO III. MODELO DE PROPOSTA DE COLABORACIÓN

D./Dña. con domicilio en rúa núm. e DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm.: actuando en nome propio (ou en representación de DNI ou NIF núm.: e domicilio en rúa) toma parte nas **“BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PARQUE TEMÁTICO DAS “ALDEAS DE NADAL” NA EDICIÓN CORRESPONDENTE AO ANO 2024”** e declara:

1º.- Que ofrece a seguinte subvención (cubrir unicamente as aldeas ás que quere concorrer).

- ☐ Aldea de Papá Noel, situada na Praza da Igrexa-----€
- ☐ Aldea do Apalpador, situada na Praza da Torre -----€
- ☐ Aldea dos Reis Magos, situada na praza da Biblioteca (antigo Concello)-----€
- ☐ Aldea da Música, situada na praza da Vila -----€
- ☐ Aldea dos Trasnos, situada no parque do aviadador Loriga)-----€
- ☐ Aldea das Estrelas, situada no entorno da estatua de D. Ramón Mª Aller-----€

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven das bases que rexen este expediente e acompaña a documentación esixida nas mesmas e se compromete a presentar toda a que lle sexa requirida.

Lalín, ____ de _____ de 2024.

(sinatura)

ANEXO IV - ALDEAS

I.- ALDEA PAPÁ NOEL- Praza da Igrexa



II.- ALDEA DO APALPADOR – Praza da Torre



III.- ALDEA DOS REIS MAGOS. Praza Biblioteca (antigo Concello).



IV.- ALDEA DA MÚSICA. Praza da Vila.



V.- ALDEA DOS TRASNOS. Parque de Loriga.



VI.- ALDEA DAS ESTRELAS. Praza da Igrexa, entorno estatua Ramón M^a Aller Ulloa.



PLANO SITUACIÓN.

